



A conexión a Internet será de 100 megas e o prezo, 14 euros

R pon en marcha “Internet Compromiso” para que os/as estudiantes de familias con menos recursos poidan acceder a unha conexión de calidade

- **A proposta ten como obxectivo dotar de internet os fogares con menos recursos co mellor prezo posible.**
- **O proxecto iníciase con 100 megas de velocidade de conexión a internet a través de fibra óptica, cunha cota mensual de 14 euros e instalación gratuíta.**
- **A primeira factura é gratis para as contratacións que se realicen no mes de setembro.**
- **Está pensado para as familias en risco de exclusión, máis aínda nestes momentos nos que moitas delas sufriron os efectos económicos e laborais negativos producidos pola pandemia.**
- **“Internet Compromiso” convértese nun proxecto de responsabilidade corporativa porque se abre á colaboración con institucións, entidades e organismos de ámbito social, educativo, sanitario e asistencial que teñen a necesidade de distribuílo aos/ás seus/súas beneficiarios/as.**

Mércores, 16 de setembro de 2020. R traballa no deseño dos servizos de telecomunicacións máis avanzados sen esquecer as persoas que teñen dificultades para acceder a eles. Por iso deseñou “Internet Compromiso”, un plan pensado para axudar ás familias con menos recursos, co obxecto de que non queden atrás na transición dixital.

Con este plan, R asegura unha conexión a internet de 100 megas de velocidade a un prezo de 14 euros, moi por baixo do mercado, e engade a vantaxe de que a primeira factura é gratis para as contratacións que se realicen no mes de setembro, ademais de que a instalación tamén é de balde.

“Internet Compromiso” é o produto deseñado para responder ás necesidades de conexión que se demostraron necesarias para esas familias nas que os/as estudantes teñen que seguir os seus estudos de forma telemática, e para seguir mantendo o contacto próximo cos/coas familiares mesmo nas situacións de illamento xeradas pola covid-19.

Está pensado de forma específica para os/as clientes/as con menos recursos económicos ou en risco de exclusión, co fin de chegar a todos os colectivos sociais e contribuír así á eliminación da fenda dixital e social que existe. E máis aínda arestora que moitas familias están a sufrir os efectos económicos e laborais negativos derivados da pandemia.

Proxecto de responsabilidade empresarial

Esta proposta vai máis aló dunha oferta específica e convértese nun proxecto de responsabilidade empresarial porque, ademais de responder a unha necesidade moi presente na sociedade, ábrese á colaboración con institucións e organismos de ámbito social, educativo, sanitario e asistencial. Moitas destas entidades xa se mostraron interesadas en contar cun servizo acorde ás necesidades da poboación á que atenden, coa finalidade de distribuílo aos/ás seus beneficiarios/as. “Internet Compromiso” preséntase, ademais, como a opción máis próxima e directa, xa que **R** creou unha páxina web específica (<https://www.mundo-r.com/compromiso>) co propósito de responder e deseñar solucións tanto para particulares como para organismos públicos que poden, na páxina, formular as súas dúbidas e expor as súas necesidades.

A conectividade é unha das pedras angulares da sociedade dixital. A vida da cidadanía e a actividade das empresas dependen en gran medida de manter á súa disposición os servizos e as redes de telecomunicacións. Por iso, fiel ao seu seu rol de empresa responsable, **R** está a contribuír ás necesidades da contorna local mediante actuacións de compromiso social, levando á práctica e facendo realidade a lema de “tecnoloxía por e para as persoas”. Unha vez concluídas as medidas extraordinarias impostas a consecuencia da covid-19, mantense esa visión co deseño de diferentes servizos que intentan responder á nova realidade, achegando as persoas e dotándoas dos recursos necesarios para evitar a súa exclusión social.



comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

